



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE 3 PEÓNS FORESTAIS DO PROGRAMA APROL RURAL 2019 E CONVOCATORIA DO CORRESPONDENTE PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A Consellería de Economía, Emprego e Industria publica no Diario Oficial de Galicia núm. 2 do 3 de xaneiro de 2019 a Orde do 12 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2019.

Por Resolución nº 42/2019, do 29/01/2019, foi aprobada a solicitude de subvención do fomento do emprego Aprol rural 2019.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria comunica por rexistro de entrada núm. 1.668 do 23/04/2019, a resolución da concesión dunha subvención por importe de **38.187,45 euros** para a contratación de 3 peóns forestais por un período de **9 meses a tempo completo**.

Vista a documentación obrante no expediente 2019/A008/000004 e 2019/E001/000003

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as Bases para a provisión, como persoal en réxime laboral temporal de 3 peóns forestais do programa APROL RURAL 2019 do concello de Malpica de Bergantiños que a continuación se transcriben:

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TRES (3) PEÓNS FORESTAIS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL (PROGRAMA APROL RURAL 2019)

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a selección e posterior contratación de **tres (3) traballadores desempregados**, categoría laboral de peón forestal, grupo de cotización á Seguridade Social 10, para a súa contratación laboral temporal baixo a modalidade **contractual de duración determinada de interese social a tempo completo**, por un período de **nove (9) meses**, para a realización das tarefas vencelladas ao programa MALPICA FORESTAL 2019.

2ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN E NORMATIVA POLA QUE SE REXERÁ.

Dadas as características das funcións a realizar e a natureza temporal da contratación prevista adóptase o sistema de oposición.

O proceso selectivo rexeráse polo establecido na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no Real



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril; Estatuto dos Traballadores, Texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, na lei 30/1984, de 2 de agosto de medidas de reforma da función pública; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; na lei da Función Pública de Galicia; no R. D. 364/1995, de 10 de marzo; no regulamento de funcionarios da administración local; na lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na restante lexislación relativa á materia de selección de persoal por parte das administracións públicas que lle sexa de aplicación.

Por outra banda, resultarán de aplicación neste proceso selectivo as previsións contidas na **Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2019 (DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2019).**

3ª.-MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN.

Modalidade do contrato de traballo: Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de **obra ou servizo determinado de interese social, a tempo completo (xornada 100 %)**

Duración: nove (9) meses dende a formalización do contrato, prevéndose a formalización o 15 de maio de 2019 (do 15 de maio de 2019 ao 14 de febreiro de 2020).

Retribución: a correspondente ós custes salariais subvencionados fixados na Resolución do Xefe Territorial de A Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Expediente TR351G 2019/000035-1), de data de 23/04/2019, e que se corresponde cunha retribución bruta mensual de **1.050 euros** (incluída a parte proporcional da paga extra).

4ª.- PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello de Malpica de Bergantiños (www.concellomalpica.com), **estando obrigadas as entidades beneficiarias da subvencións reguladas polas ordes anteriormente referidas, a solicitar os traballadores/as a través de ofertas xenéricas presentadas no Servizo de Emprego Público.**

Tódalas publicacións e comunicacións que se teñan que facer neste proceso selectivo faranse a través do Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello de Malpica de Bergantiños (www.concellomalpica.com).

5ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nos art. art. 56 e seguintes da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do emprego público,



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

en adiante EBEP (BOE núm. 89, de 13 de abril de 2007) e aqueles establecidos pola **Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2019 (DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2019).**

Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no art. 57 do EBEP.

- a Ter cumpridos dezaseis anos.
- b Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta.
- c Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público
- d Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas
- e **Estar inscrito como demandante de emprego nas Oficinas do Servizo Galego de Colocación.** Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Galego de Colocación. Estarase ao disposto no **artigo 14 da Orde do 12 de decembro de 2018 (DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2019).** Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumprir polos/as aspirantes con referencia ao último día do prazo de presentación de documentación indicado na base quinta e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostillados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

6.- CANDIDATOS/AS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

O concello de Malpica, presentará unha **oferta de emprego na oficina do correspondente servizo galego de colocación**, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir estes traballadores, non podendo incluír elementos que sirvan de base para calquera discriminación.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Coa documentación remitida polo Servizo Galego de Colocación, entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

CANDIDATOS/AS.

Unha vez que o Servizo Galego de Colocación remita ao concello a listaxe de candidatos, se procederá a facer pública a mesma mediante anuncio no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do concello de Malpica de Bergantiños (www.concellomalpica.com).

Os aspirantes excluídos ou os omitidos na relación remitida polo servizo galego de colocación, disporán dun prazo de **2 días hábiles** contados a partires do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do concello de Malpica de Bergantiños (www.concellomalpica.com), para subsanalos defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

Se fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Na mesma resolución o Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue determinará a data de reunión do Tribunal cualificador, que será igualmente publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello de Malpica de Bergantiños (www.concellomalpica.com).

7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

1.-O Tribunal Cualificador estará composto por los seguintes membros titulares ou suplentes que poderán intervir indistintamente, e que serán designados pola Alcaldía na resolución provisional de admitidos/ excluídos contemplada na base anterior:

- Presidente: Un funcionario/a da Corporación ou doutra Administración Pública.
- Secretario: Un funcionario/a da Corporación ou doutra Administración Pública (que actuará con voz pero sen voto).
- Vogais: O alcalde designará os seguintes:
 - 1.- Un/unha funcionario/a ou traballador/a laboral deste concello ou doutra Administración Pública.
 - 2.- Un/unha funcionario/a ou traballador/a laboral deste concello ou doutra Administración Pública.

2.-Os membros do Tribunal absteranse de intervir e comunicaranllo á autoridade convocante cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

3.-Asemade, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal de acordo co disposto no artigo 24 da lei anterior.

4.-O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de alomenos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

5.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

6.-O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

7.-Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

8.-A Alcaldía-Presidencia resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

8º DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

Unha vez comenzadas as probas selectivas, será suficiente coa exposición nos locais onde se celebren estas e/ou no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello de Malpica de Bergantiños (www.concellomalpica.com).

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamada única. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, xa que logo, quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuito ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que esté debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ós aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que no rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenrolo da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

Os aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica deles.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requerirles en calquera momento aos concursantes que acrediten a súa identidade.

Si durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A selección dos aspirantes realizarase mediante o sistema de **oposición** libre que se desenvolverá como segue:

FASE DE OPOSICIÓN:

Exercicio eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acorde coa praza (por exemplo a título meramente orientativo: manexo dunha desbrozadora manual ou outras, a determinar polo tribunal inmediatamente antes do comezo da súa realización), debendo ser executados no tempo e forma que o Tribunal determine. Nesta proba práctica se valorará a calidade e rapidez da execución das tarefas así como aquelas outras que determine o tribunal.

A proba terá unha duración de entre 3 a 10 minutos.

Puntuarase a mesma **ata un máximo de 5,00 puntos**.

No caso de que os aspirantes non se presenten á proba práctica quedarán excluídos do presente proceso de selección, salvo causas de forza maior xustificada que sexan apreciadas polo Tribunal, que no seu caso poderá excepcionalmente habilitar outro día para a realización da proba a este aspirante.

9.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes (a puntuación final do proceso será a resultante de sumar ás puntuacións obtidas na fase de oposición) o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faraa



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

pública no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do concello de Malpica de Bergantiños (www.concellomalpica.com).

2.-De acordo coa relación, elevarase ó Sr. Alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de designación dos aspirantes aprobados.

3.-Na acta da sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademais a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral da persoa seleccionada, como reserva (sempre respectando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo de péons forestais.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

10.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-Os aspirantes propostos presentarán na Secretaría do Concello, no prazo de **2 días hábiles**, contados a partir da publicación da relación de aprobados, os documentos seguintes:

- a.-Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- b.-Certificado de conta bancaria e número de afiliación á seguridade social.
- c.- Tarxeta de demandante de emprego
- d.- Declaración xurada (Anexo I) de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente e de non incorrir en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

11.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.-O concello de Malpica de Bergantiños antes de proceder á formalización do contrato requirirá aos candidatos propostos a realización dun recoñecemento médico que valore a aptitude para traballar e avalíe a capacidade psicofísica para a realización do traballo sen risco para a saúde do traballador/a.

2.-Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr Alcalde procederá á designación dos aspirantes seleccionados e procederá á formalización dos correspondentes contratos laborais.

3.-Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este periodo se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

4.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

5.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

12.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Agás a convocatoria, que se facerá a través de oferta xenérica presentada polo concello de Malpica ao servizo de emprego público de Galicia, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello de Malpica de Bergantiños (www.concellomalpica.com).

Seugnda.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes. presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Terceira.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

(contado dende ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.
O alcalde

ANEXO I

Modelo declaración xurada:

D/Dona _____ (nome e apelidos) con D.N.I. _____, e con domicilio a efectos de notificación en _____, tendo interés en ser admitido no procedemento de selección convocado polo Concello de Malpica de Bergantiños para a provisión de **3 postos de peóns forestais** (APROL RURAL 2019) en réxime laboral temporal, **pola presente formulo declaración xurada de:**

- non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das función públicas.
- non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- non incorrir en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

O que asino en _____ a ____ de _____ de 2019

(O interesado)

O ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Segundo: Convocar o proceso de selección de persoal citado nestas bases mediante oferta de emprego presentada no Servizo Galego de Colocación.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr Alcalde Eduardo José Parga Veiga, do que eu, Eva Jardón López, como Secretaria, e aos únicos efectos de fé pública (RD 1174/1987, de 18 de decembro) dou fé.